

María Xosé Queizán



María Xosé Queizán (Vigo, 1939), é una escritora e destacada pensadora feminista. Catedrática de Lingua e Literatura Galega, imparte clases nun IES de Vigo.

A súa vocación pola escritura comezou a mostrarse, xa na súa adolescencia, a través do xornalismo, escribindo artigos para o xornal vigués *El Pueblo Gallego*. En tempos máis recentes, colaborou de maneira regular no xornal *La Voz de Galicia*. Posteriormente orientou a súa actividade artística e literaria cara o mundo do teatro, participando como actriz en diversas representacións, e creando en 1959 o “Teatro de Arte y Ensayo de la Asociación de la Prensa de Vigo”. Fundou e dirixiu de 1967 a 1968 a compañía “Teatro Popular Galego”.

No ano 1965 escribe a súa primeira novela, *A orella no buraco*, incluída dentro da *Nova Narrativa Galega*, que agrupa a diversos escritores novos dos anos cincuenta e sesenta. A inicios dos anos setenta se traslada a París, onde entra en contacto cos ambientes literarios do momento, nos que destacaba o pulo da nova novela francesa. A partir de entón, a súa produción literaria diversifícase chegando a abarcar tódolos xéneros: novela, poesía, así como conto e ensaio, ademais do teatro no que xa se iniciara como actriz, e incluso un guión cinematográfico (*Prisciliano*). Outras novelas súas son *Amantía* (1984), *A semellanza* (1988), *Amor de tango* (1992), *O Solpor da cupletista* (1995), *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000), *¡Sentinela, alerta!* (2002), *Meu pai vaite matar* (2011), *A boneca de Blanco Amor* (2014), *Son noxento* (2015). As súas obras poéticas máis destacadas son *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993), *Fora de min* (1994), *Non o abras como unha flor: poesía reunida 1980-2004* (2004), *Cólera* (2007). Entre as súas obras de teatro destacan *Antígona, a forza do sangue* (1989), *Antígona. A cartuxeira. Neuras* (2008). Tamén é tradutora ao galego de obras de Marguerite Yourcenar, Karen Blixen, Emilia Pardo Bazán e Charlotte Perkins.

Mención aparte merece o seu papel como activista e intelectual no campo do feminismo. Foi directora da asociación feminista *Feministas Independentes Galegas* (FIGA), a través da cal dirixe a revista político-cultural *Festa da Palabra Silenciada*, desde 1983 ata a actualidade. Tamén foi vicepresidenta do Consello Municipal da Muller, do Concello de Vigo, e directora e organizadora do *I Encuentro de Mujeres Poetas Peninsulares y de las Islas* (1996). Desde o punto de vista literario, abordou o campo do feminismo, fundamentalmente, a través do ensaio, tratando temas como a colonización sexual das mulleres, a maternidade biolóxica, reflexións sobre a escrita non androcéntrica, e a presenza da misoxinia na literatura. Entre estes ensaios destacan: *A muller en Galicia* (1977), *Recuperemos as mans* (1980), *A muller galega no ensino. A muller e a cultura* (1981), *Evidencias* (1989), *Escrita da certeza. Por un feminismo optimista* (1995) e *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal* (1998).

Recibiu diversos galardóns como o premio da Xunta de Galicia polo guión de cine *Prisciliano*, o premio *Voz da Liberdade* (2011) do PEN Clube de Galicia, e o premio *Irmandade do Libro* (2013), da Federación de Libreiros de Galicia.